

---

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2015**

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:49 horas do xoves día 17 de setembro de 2015 coa seguinte orde do día:

1) Execución do presuposto de 2015

**ASISTEN OS SRES:**

<b>PROFESORES</b>	
Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Domínguez Pérez	Xabier
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Lage	Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
<b>ESTUDANTES</b>	
Dacosta Tapia	Jorge
Pire Pardo	Luis
Rojo López	Gemma
<b>PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS</b>	
Valcárcel Cortiñas	Mª Carmen

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

## 1. Execución do presuposto de 2015

O Director explica os antecedentes e as razóns de convocar esta reunión. Explica que desde xuño estaban bloqueados os fondos da UdC ata que a principios de este mes comezaron a aparecer novas no sentido de levantar esta limitación e que finalmente se levantou pero con cambios respecto á situación orixinal.

A Universidade publicou que se pode voltar ó funcionamento normal para poder executar gasto de maneira normal. Sen embargo, engadiuse unha redución de presuposto. Esta minoración é do 35% de cada partida, polo que se aplica a Capítulo 2 e Capítulo 6.

O Director reparte unhas táboas cos presupostos iniciais e coas reducións que se aplican. Destaca os remanentes de Capítulo 2 e Capítulo 6, cunha redución de 33621 €, explica tamén cales son os fondos dispoñibles en cada apartado. Destaca que os fondos remanentes a Capítulo 2 (gastos de funcionamento e funxibles) son claramente insuficientes para afrontar os gastos de funcionamento habituais para rematar o ano.

O Director informa dunha reunión coa Vicerreitora á que lle expuxo os problemas económicos de funcionamento que a redución produce. Parece ser que a redución é inalterable pero abriuse a opción a redistribuír entre Capítulo 2 e Capítulo 6. Por esta razón o Director presenta unha proposta de redistribución de fondos de de Capítulo 6 a Capítulo 2 e somete este cambio á aprobación da Comisión.

Pregunta o profesor Manuel Casteleiro sobre se hai redución nos gastos que paga directamente a Reitoría. Resposta o Director indicando que desde a Reitoría se renegociaron os contratos de limpeza á baixa, o cal conleva unha redución do servizo prestado. Respecto á electricidade foise a unha subasta buscando un precio máis ventaxoso.

Apróbase

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:01 do 17 de setembro de 2015.

Vº. Bº.  
**Ignasi Colominas Ezponda**  
Director

**Diego Carro López**  
Secretario Académico

## Anexo

PRESUPUESTO ESCUELA			PROPUESTA PRESUPUESTO ESCUELA		
	Disponible 11/Sept	Minoración 14/Sept	Disponible 14/Sept	Minoración 17/Sept	Disponible 17/Sept
Capítulo 2	35.803,82 €	22.277,50 €	13.526,32 €	10.277,50 €	25.526,32 €
Capítulo 6	29.610,89 €	11.343,50 €	18.267,39 €	23.343,50 €	6.267,39 €
<b>TOTAL</b>	<b>65.414,71 €</b>	<b>33.621,00 €</b>	<b>31.793,71 €</b>	<b>33.621,00 €</b>	<b>31.793,71 €</b>

Tabla 1

Tabla 2

PRESUPUESTO BIBLIOTECA			
	Disponible 11/Sept	Minoración 14/Sept	Disponible 14/Sept
Capítulo 2	1.802,13 €	845,60 €	956,53 €
Capítulo 6	15.018,59 €	10.224,20 €	4.794,39 €
<b>TOTAL</b>	<b>16.820,72 €</b>	<b>11.069,80 €</b>	<b>5.750,92 €</b>

Tabla 3